

CONCELLO DE VIGO

Att. Sr.D. José Manuel Fernández Pérez - Área de Deportes

CC Sr.D. Abel Losada Álvarez - Área de Cultura e Emprego

CC. Sr.D. Ángel Rivas González - Área de Parques, Comercio e Festas especiais

CC. Sr.D. Francisco Javier Pardo Espiñeira - Área de Fomento e Servizos

Vigo, a 4 de abril de 2022

Estimados señores.

O Real Club Celta de Vigo celebra o seu Centenario o próximo ano 2023. Un fito histórico para a entidade que se festexará da man de todo o celtismo, sociedade viguesa e galega.

O club está traballando desde fai moito tempo no deseño dunha programación de actos e eventos que poñan en valor os 100 anos de historia da entidade. Entre as diferentes actividades a desenvolver, un elevadísimo porcentaxe do celtismo mostrou un interese explícito por aquelas que vinculan ao club coa cultura e en especial a celebración de concertos e actividades multitudinarias presenciais.

Por ese motivo e co obxectivo de estudar as diversas ofertas e alternativas existentes para traer á cidade un gran espectáculo, desde a entidade que represento mostramos a nosa total conformidade cos desexos da maioría do celtismo e por iso solicitamos autorización explícita para o uso do estadio Municipal de Balaídos como primeira opción do Centenario céltico. O marco temporal desta petición abarca o último semestre do ano 2022 e o ano natural 2023, suxeito á disponibilidad de artistas que poidan trasladar os promotores implicados.

A actividade solicitada realizárase sen custo algún para as arcas municipais e priorizando todas as medidas de seguridade necesarias para compatibilizar o desenvolvemento da actividade coa actual reforma do estadio.

Debido ao número inxente de xestións a realizar nas próximas semanas e a fin de dar unha resposta oficial aos nosos seguidores e persoal inherente a esta gran celebración agradecemos unha resposta á máxima brevidade en prazo e forma.

Sen outro particular reciban un cordial saúdo.

Julio J. Vargas

Director de Seguridade e Instalacións
Real Club Celta de Vigo, S.A.D.

SEDE

Calle Príncipe, 44
36202 Vigo · España
Tel. +34 986 110 900
Fax. +34 986 292 040

ABANCA BALAIÓDS

Avda. Balaídos, s/n
36210 Vigo · España
Tel. +34 986 213 234
Fax. +34 986 214 764

A MADROA

A Madroa, s/n Candeán
36317 Vigo · España
Tel. +34 986 281 862
Fax. +34 986 281 898

